

ACTIVIDADES

- Día da Ilustración: Charla con Jesús Cisneros. EASD Pablo Picasso
- I Semana do Cinema Galego. Teatro Colón
- Proxección de "O proxeneta". Teatro Colón
- Exposición "Chicas Nuevas 24 horas". Centro Ágora
- Poetas Di(n)versos: Primavera 2020. Centro Ágora
- Xornadas de portas abertas. Facultade de Informática da UDC
- Conferencia "Superar fronteiras coa música". Fundación Paideia
- Axenda semanal de concertos na Coruña

CURSOS

- Obradoiro de gravado Gyotaku. Ese Sitio
- Ciclo de obradoiros artísticos "Olladas Intensas". Artestudio Xestión Cultural

CONCURSOS

- "Atrévete coa innovación do futuro". Galiciencia 2020
- Concurso San Valentín con REAJ. Rede Española de Albergues Xuvenís
- Concurso de Proxectos. Galiciencia 2020
- Concurso de fotografía científica. Galiciencia 2020
- XXII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís. Concello de Carballo
- Cooperativismo no ensino 2020. Consellería de Economía, Emprego e Industria

ACTIVIDADES

Día da Ilustración: Charla con Jesús Cisneros

A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña acolle o acto de presentación do Día da Ilustración, organizado pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) coa colaboración da Consellería de Cultura, que irá seguido dun encontro co ilustrador Jesús Cisneros

Jesús Cisneros (Zaragoza, 1969), estudou Ilustración e Historia da Arte. A súa obra caracterízase pola economía de elementos, os trazos sinxelos de carácter practicamente minimalista e unha breve selección de cores para dar vida a ilustracións moi evocadoras.

CANDO: 29 de xaneiro de 2020


HORARIO: ás 19.00 h.

LUGAR: *EASD Pablo Picasso*
R/ Os Pelamios, 2. (15001- A Coruña)

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

MÁIS INFORMACIÓN:

AGPI Asociación Galega de Profesionais da Ilustración
correo-e: correo@agpi.es
www.facebook.com/AGPIIlustra
Web: <https://agpi.es>



I Semana do Cinema Galego

A primeira Semana do Cinema Galego proxección de balde, no Teatro Colón, cinco filmes candidatos aos premios Mestre Mateo 2020 e que gozaron de gran recoñecemento internacional.

Cada longametraxe irá precedida dunha curta do autor e a cita incluirá un debate posterior coas persoas protagonistas.

CANDO: do 6 ao 9 de febreiro de 2020

- 6 de febreiro, 20.00 h. [O que Arde](#), de Óliver Laxe + curtametraxe: *París #1*
- 7 de febreiro, 20.00 h. [Longa Noite](#), de Eloy Enciso + curtametraxe: *Out of memory*
- 8 de febreiro, 19.00 h. [Eroski Paraíso](#), de Jorge Coira e Xesús Ron + curtametraxe: *O matachín*, de Jorge Coira.
- 8 de febreiro, 22.00 h. [Quien a Hierro Mata](#), de Paco Plaza + curtametraxe: *Abuelitos*
- 9 de febreiro, 20.00 h. [Feedback](#), de Pedro C. Alonso + curtametraxe: *Ver con los propios ojos*

PREZO: acceso libre até completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Teatro Colón
Avda. de la Marina, 7 A (15003 - A Coruña)
www.facebook.com/TeatroColonACoruna
Web: www.teatrocolon.es



ACTIVIDADES

Proxección de "O proxeneta" no Teatro Colón

"O proxeneta. Paso curto mala leite" é o documental dirixido por Mabel Lozano que conta a historia de feitos probados, nunca antes contada, sobre os proxenetes máis importantes do noso país e sobre o crime organizado que move os fíos da prostitución.

A propia directora será a encargada de presentalo e de participar nun coloquio cos asistentes.

Actividade dirixida a persoas maiores de 18 anos.

**Enmarcada nas actividades de sensibilización para a prevención da trata de persoas con fins de explotación sexual do Concello da Coruña*

CANDO: 5 de febreiro de 2020

HORARIO: ás 20.30 h.

PREZO: entrada gratuíta, ata completar capacidade


LUGAR / INFORMACIÓN:

Teatro Colón

Avda. da Mariña, 7 A (15003 - A Coruña)

www.facebook.com/teatrocolonacoruna/

WEB: www.elproxeneta.com/el-proxeneta



Exposición "Chicas Nuevas 24 horas"

Dentro do programa de actividades de sensibilización para a prevención de trata de persoas con fins de explotación sexual, a Concellaría de Educación presenta no centro Ágora "Chicas Nuevas 24 Horas", una mostra fotográfica baseada no documental do mesmo título dirixido por Mabel Lozano e que aborda o negocio da compravenda de mulleres e nenas, poñendo o acento en aspectos como a concienciación e a prevención.

Esta exposición itinerante, elaborada pola Fundación Cepaim e especialmente dirixida á poboación moza, mostra unha selección de fotogramas obtidos a través da viaxe-rodaxe da [película](#) de Mabel Lozano e adéntranos no corazón dun mundo clandestino, analizándoo desde a orixe: a fin lucrativa deste negocio.

Aínda que a exposición é de acceso libre, dispón de visitas guiadas e talleres específicos para centros educativos

CANDO: do 4 ao 20 de febreiro 2020

HORARIO: *das visitas guiadas: de 10.00 a 12.30 h.

REQUISITOS: para as **visitas e talleres específicos para grupos escolares** con alumndo de 16 anos ou máis, será necesaria **reserva previa** enviando correo-e a franciscoorenes@cepaim.org

LUGAR / INFORMACIÓN:

Centro Ágora


Lugar da Gramela 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888 correo-e: agora@coruna.es

Concellaría de Educación

Tel. información: 010 ou 981 184 200

WEB: www.coruna.gal



ACTIVIDADES

Poetas Di(n)versos: Primavera 2020

Regresa ao centro Ágora a programación poética coa edición de primavera do ciclo Poetas Di(n)versos, dirixido por la poeta e dinamizadora cultural Yolanda Castaño. A 1ª sesión contará coa galega Tamara Andrés e arxentino Hugo Mújica.

- **Tamara Andrés** (Combarro, 1992): autora de textos premiados en diversos certames, desenvolve ademais accións poéticas para distintos espazos, participa en proxectos escénicos e audiovisuais, imparte obradoiros de poesía e de animación lectora e codirixe a revista "Ligeia"
- **Hugo Mújica** (Arxentina, 1942): poeta, ensaísta e narrador arxentino, estudou Belas Artes, Filosofía, Antropoloxía Filosófica e Teoloxía, e ten preto de 30 libros publicados

CANDO: 10 de febreiro de 2020

HORARIO: 20.30 h

PREZO: entrada libre, ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Centro Ágora

Lugar da Gramela 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888 - correo-e: agora@coruna.es

Web: www.coruna.gal/agora



Facultade de Informática: xornadas de portas abertas

A Facultade de Informática da Universidade da Coruña celebra unha xornada de portas abertas orientada a estudantes de ESO e bacharelato, profesores, orientadores e familiares. A xornada inclúe:

- celebración de talleres e demostracións
- presentación da oferta académica do centro
- visita ás instalacións da facultade

CANDO: 8 de febreiro de 2020

HORARIO: ás 11.00 h a 14.00 h.

REQUISITOS: inscrición previa en www.eventbrite.es

PREZO: gratuito

LUGAR / INFORMACIÓN:

Facultade de Informática da UDC

Campus de Elviña s/n (15071 - A Coruña)

Tel.: 981 16 70 00 - correo-e: decanato.fic@udc.es

WEB: www.fic.udc.es

XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Facultade de Informática – Universidade da Coruña

Sábado, 8 de febreiro de 2020 - de 11:00 a 14:00

Programa

11.00 – Obradoiros, presentacións e demos
12.00 – Presentación da oferta académica
13.00 – Visita ás instalacións

Máis información e rexistro



Jornada organizada por:



Conferencia "Superar fronteiras coa música"

A Fundación Paideia organiza de febreiro a abril "*Fronteiras, condicións de traballo e marcas na industria musical*", un ciclo de conferencias que a través de tres citas mensuais tratará diferentes aspectos da industria musical". Na primeira xornada, "**Superar fronteiras coa música: conexións entre a escena musical galega e portuguesa**", abordarase a relación entre a música galega e portuguesa.

Participarán **Uxía** (cantante galega) e **Joana Brandão** (experta en xestión e produción de espectáculos), moderará a xornalista Belén Regueira e incluírá a showcase da artista coruñesa de **Astrogirl**

CANDO: 6 de febreiro de 2020

HORARIO: 19.00 h.

PREZO: gratuito ata completar capacidade

REQUISITOS: inscrición en www.paideia.es

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Paideia

Praza de María Pita, 17 (15001- A Coruña)

tel.: 981 223 927 - correo-e: paideia@paideia.es

www.facebook.com/fundacionpaideia

web: www.paideia.es



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 31 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA.** Entrada: 27,50€

sábado 1 ás 20.30 h.: **ISMAEL SERRANO.** Entrada: agotadas

Fundación Barrié. Cantón Grande, 9 (15003-A Coruña)

www.fundacionbarrie.org

domingo 2 ás 19.00 h.: **ROSALÍA TRÍO.** Entrada: gratis

Sala Mardi Gras. Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 31 ás 22:30 h.: **EXIT** Especial Led Zeppelin.

Entrada: 8€

sábado 1 ás 22.00 h.: **MOON CRESTA + FRYING**

LURAS. Entrada: 8€

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 30 ás 21.00 h.: **ÓSCAR FOJO LAMAS &**

BANDA. Entrada: 5€

venres 31 ás 22.00 h.: **PEIXE MAGO.** Entrada: 10€

sábado 1 ás 22.00 h.: **WET SOCK.** Entrada: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 30 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND.** Entrada: 12€

venres 31 á 22.30 h.: **PABLO BICHO.** Entrada: 10€

sábado 1 ás 22.00 h.: **LOS DELTONOS.** Entrada: 12€/16€

Sala Mala Vida. R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

www.facebook.com/Sala.Malavida

venres 31 ás 21.30 h.: **VANDALLICA + DIABÓLICA.** Entrada: 10€/13€

sábado 1 ás 21.30 h.: **BOSTOK + SOMOS NOS.** Entrada: 5€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

xoves 30, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **ALBERTO MORENO JAZZ QUARTET.** Entrada: 8€

Teatro Rosalía. R/ Riego de Agua, 37 (15001 – A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

martes 4 ás 20.00 h.: **ISABEL VILLANUEVA e FRANÇOIS DUMONT.** Entrada: 20€/5€*(menores de 25 anos)



CURSOS

Obradoiro de gravado Gyotaku

O espazo colaborativo Ese Sitio organiza un obradoiro de Gyotaku, unha forma de estampación tradicional orixinaria de Xapón, practicada polos pescadores para realizar os carteis dos peixes que despois vendían nos mercados.

Neste obradoiro explicarase a técnica Gyotaku e ensinarase a xerar un gravado monotipo usando o propio peixe como matriz, comezando coa preparación do peixe ata a elaboración dos gravados e o seu remate utilizando diversos materiais.

Imparte: Esteban Fuentes

CANDO: 08/02/2020

HORARIO: de 10 a 14 h.

PREZO: 40€ (materiais incluídos)

LUGAR / INFORMACIÓN:

Ese Sitio

R/ Orzán, 194 (15003- A Coruña)

Tel.: 687 139 139 - correo-e: info@esesitio.com

www.facebook.com/esesitio

Web: <http://esesitio.com>



Imparte Esteban Fuentes

GYOTAKU

OBRADOIRO ESTAMPACIÓN

Confección
Grabado monotipo
Utilizaremos o peixe como matriz da estampación

Método de estampación tradicional orixinaria de Xapón

SÁBADO 8 DE FEBREIRO

De 10h a 14h

Duración: 4h

Cuota: 40 euros (material incluído)



Inscripcións
Antes do 5 de Febreiro
info@esesitio.com - 687 139 139
Ese Sitio - R/ Orzán 194 - A Coruña
www.esesitio.com

Ciclo de obradoiros artísticos “Olladas Intensas”

Volve “Olladas Intensas”, un ciclo de formacións intensivas en diferentes disciplinas de artes escénicas, organizado por Artestudio.

CANDO:

- 2 de febreiro, de 10 a 14 e de 16 a 20 h.: "**Dramaturxia en Pe (de Guerra)**", obradoiro de dramaturxia para corpos que se moven impartido por Esther F. Carrodegas (creadora, dramaturga, actriz...) coa súa propost O obradoiro terá unha duración de 8 horas e se celebrará o
- 21 de marzo de 16:20 a 20:30 h.: **Obradoiro intensivo en Danza Contemporánea**, a cargo de Babirusa Danza, compañía de danza cun extenso percorrido nacional e internacional.

INSCRIPCIÓNS: ata completar prazas

PREZO:

- *Dramaturxia en Pe (de Guerra)*:

40€ alumnado Artestudio / 45€ para non alumnas/os

- *Obradoiro intensivo en Danza Contemporánea*:

40€ alumnado Artestudio / 45€ para non alumnas/os

LUGAR / INFORMACIÓN::


Artestudio Xestión Cultural

R/ Marina Nieto Álvarez, 12, baixo (15009 - A Coruña)

Tel.: 981 131 819

Correo-e: administracion@artestudioxestioncultural.com

Web: www.artestudioxestioncultural.com



CONCURSOS

"Atrévete coa innovación do futuro" - Galiciencia 2020

O concurso organízase con motivo da celebración da Galiciencia 2020, a feira científica que se celebra no mes de maio. Este ano a temática será *A innovación do futuro*, polo que, as diferentes probas a superar estarán relacionadas coa creatividade e a innovación.

INSCRIPCIÓNS: ata o 16/02/2020

REQUISITOS:

- Concurso aberto a estudantes entre 10 e 18 anos, establecéndose tres categorías: Categoría A (4º, 5º e 6º EP) / Categoría B (1º, 2º e 3º ESO) / Categoría C (4º ESO e Bacharelato)
- A participación será en grupos de 3 alumnos/as por grupo, non sendo posible facelo individualmente
- O concurso constará de 2 fases: - 1ª fase non presencial, que constará de 3 desafíos a realizar a distancia que se enviarán por correo-e a atrevede@galiciencia.com para a súa valoración. - 2ª fase presencial: desafío final que terá lugar o último día de Galiciencia (maio 2020) e na que participarán os 3 grupos mellor puntuados de cada categoría na 1ª fase, e da que saíran os gañadores absolutos por categoría.
- Inscripción: enviando un mail a atrevede@galiciencia.com dentro do prazo coa resolución do desafío 1 proposto cos seguintes datos: - Nome do grupo - nome e apelidos dos integrantes - curso, nome e e-mail do centro ao que pertencen - nome, e-mail e teléfono do docente/titor/a do grupo

DOTACIÓN:

- Grupos finalistas da 1ª fase: obsequio
- Grupos gañadores do desafío final: diploma e premio

MÁIS INFORMACIÓN:

Galiciencia 2020

Tel.: 988 368 100

Correo-e: sabela@tecnopole.gal

Web: <https://atrevedecoainnovaciondofuturo.galiciencia.com>



Concurso San Valentín con REAJ

REAJ, Albergues Xuvenís organiza o concurso "San Valentín con REAJ" coa finalidade de dar a coñecer a oferta nacional e internacional dos albergues xuvenís e as vantaxes do carné de alberguista.

INSCRIPCIÓNS: ata o 11/02/2020, ás 14:00 h.

REQUISITOS:

- Maiores de 18 anos que residan no territorio español e que teñan perfil en Facebook, Twitter ou Instagram.
- O concurso terá lugar nos perfís de redes sociais de REAJ:
 - FACEBOOK ([REAJ](https://www.facebook.com/REAJ)): seguirlos, deixar un comentario na publicación que fagan do concurso dicindo a que albergue de España te gustaría ir con parella ou acompañante especial, etiquetar a esa persoa e etiquetar a REAJ xunto co hashtag #INLOVEWITHREAJ.
 - TWITTER ([@AlberguesREAJ](https://twitter.com/AlberguesREAJ)): publicar un tuit comentando a que albergue de España te gustaría ir coa parella ou acompañante, etiquetalo, etiquetarlles, escribir o hashtag #INLOVEWITHREAJ e seguir o perfil de @AlberguesREAJ.
 - INSTAGRAM ([albergues.reaj](https://www.instagram.com/albergues.reaj)): deixar un comentario dicindo o albergue de España ao que te gustaría ir, nomear e etiquetar á parella ou persoa coa que irías, o hashtag #INLOVEWITHREAJ e seguir o seu perfil.

DOTACIÓN: sortearase entre os participantes 2 Escapadas REAJ de fin de semana (o 15, o 22 ou o 29 de febreiro) nos Albergues de España*

MÁIS INFORMACIÓN:

REAJ, Rede Española de Albergues Xuvenís

C/ Marqués de Riscal, 16 (28010 Madrid)

Tel.: 91 30 84 675 / 91 31 97 067

Correo-e: info@reaj.com

Web: <https://reaj.com/concurso-san-valentin-reaj>



CONCURSOS

Concurso de Proxectos Galiciencia 2020

Certame que se organiza con motivo da celebración da Galiciencia 2020, nas modalidades de Investigación científica en Educación Primaria e Educación Especial e ESO, Bacharelato e FP, coa finalidade de fomentar as vocacións científicas e o espírito emprendedor.

INSCRIPCIÓNS: ata o 15/03/2020 a través do formulario de inscrición

REQUISITOS:

- Estudantes de centros de Galicia, nas seguintes modalidades: "Investigación científica en Ed. Primaria e Ed. Especial" e "Investigación científica en ESO, Bacharelato e FP"
- Consultar as características de exposición, espazos e actividades nas [bases completas](#). Os participantes recibirán confirmación da selección do seu proxecto na 1ª semana de abril.
- Modalidade Ed. Primaria e Ed. Especial: expoñerán os seus proxectos ou experimentos durante Galiciencia 2020 (6, 7 e 8 de maio), limitándose a participación en 10 proxectos por día.
- Modalidade ESO, Bach. e FP: expoñerán os seus proxectos ou experimentos durante Galiciencia 2020 (6, 7 e 8 de maio), limitándose a participación máxima en 50 proxectos en total e 3 proxectos, como máximo por centro educativo.
- Estableceranse os seguintes premios: Premio ao proxecto coa mellor comunicación e presentación oral / Premio ao proxecto máis innovador / Premio ao proxecto co método científico e proceso de investigación mellor definido / Premio ao mellor proxecto dentro da temática de saúde e bos hábitos

DOTACIÓN:

1º premio: 1000€ para financiar a súa participación na Exporecerca 2021.

2º premio: 500€ a participación na Zientzia Azoka (na primavera do 2021 en Bilbao)

3º premio: 200€ a participación na Coruña nun programa de actividades durante a Semana da Ciencia no mes de novembro 2020


Todos os participantes en Galiciencia 2020 recibirán diploma e obsequio

MÁIS INFORMACIÓN:

Galiciencia 2020

Tfno.: 988 368 100 - correo-e: sabela@tecnopole.gal

Web: <https://www.galiciencia.com/proxectos.html>



Concurso de fotografía científica - Galiciencia 2020

O certame organízase con motivo da celebración da Galiciencia 2020 baseándose na temática desta edición: A innovación do futuro.

INSCRIPCIÓNS: ata o 15/03/2020

REQUISITOS:

- Alumnado e profesorado de ESO, bacharelato e FP dos centros educativos de Galicia.
- Temática: A innovación do futuro. Partindo dun enfoque conceptual libre e aberto, as fotografías deben ter como punto de referencia calquera obxecto ou contorno relacionado coa temática en cuestión
- O nº máximo de fotografías por persoa que se poderán presentar é de 3, e presentaranse en branco e negro ou cor.
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas en ningún outro concurso. Os participantes deberán ser os/as autores/as das obras presentadas.
- Os participantes deberán subir as fotografías a través do [apartado](#) habilitado na web de Galiciencia cos seguintes datos: título/s da/s obra/s presentada/s, nome e apelidos do/a autor/a, teléfono de contacto, e-mail e nome do centro ao que pertencen.

DOTACIÓN: diploma e obsequio para o/a alumno/a e para o/a e docente ganador/a do concurso

MÁIS INFORMACIÓN:

Galiciencia 2020

Tfno.: 988 368 100 - correo-e: sabela@tecnopole.gal

Web: www.galiciencia.com/fotografia.html

*Arquivo: [Bases completas \(127 KB\)](#)



CONCURSOS

XXII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís

O Concello de Carballo convoca a XXII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, co que quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

INSCRICIÓNS: ata o 16/03/2020

REQUISITOS:

- Poderán optar ao Certame todas as persoas físicas que o soliciten, e cada autor/a poderá presentar un número máximo de 3 obras.
- As fotografías realizaranse en branco e negro ou cor, natural ou manipulada, e o tema das obras é libre.
- Os traballos que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e recentes. As fotografías non poderán ter sido presentadas con anterioridade a este concurso nin ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames. O feito de participar presupón que os/as autores/as están en posesión do Copyright e ostentan os dereitos de autoría e imaxe
- Non poderán participar os/as concursantes que obtiveran o 1º premio nas 2 últimas edicións e non poderán concursar no Premio Especial Carballo aqueles/as que o gañasen nas 2 últimas edicións.
- As dimensións da obra fotográfica estarán entre 25 x 35 cm. mínimo e 40 x 50 cm. máximo, e presentaranse montadas sobre cartón pluma ou soporte similar ríxido (cun grosor mínimo de 3 mm).
- Cada fotografía irá acompañada ou ben do negativo ou ben do soporte informático en formato JPEG ou TIFF da obra presentada.

DOTACIÓN:

- 1º premio: 1.500 € - 2º premio: 750 € - Accésit: 300 €
- Premio Especial "Carballo": 500 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Carballo

Praza do Concello, s/n. (15100 - Carballo)

Tel.: 981 704 100 - correo-e: info@carballo.gal

Web: www.carballo.org

PUBLICACIÓN: [BOP 20/01/2020](#)



Imaxes gañadoras da edición de 2019

Cooperativismo no ensino 2020

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca o Cooperativismo no Ensino, dirixido a centros educativos de Galicia, que ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado.

INSCRICIÓNS: ata o 30/04/2020, obrigatoriamente na [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia

REQUISITOS:

- Centros educativos de ed. infantil, primaria, secundaria obrigatoria, ed. especial, FP e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, nas seguintes modalidades:
 - Actividades artísticas: alumnado de centros de ed. infantil, primaria e educación especial.
 - Actividades cooperativizadas: alumnado de centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.
 - Proxectos empresariais cooperativos: alumnado de centros de FP e de réxime especial.
- En cada traballo deberán participar, como mínimo, 3 alumnos ou alumnas.

DOTACIÓN:

Modalidade actividades artísticas e actividades cooperativizadas: 2500 € ao mellor traballo de cada categoría e accésit de 1500 € por cada categoría

Modalidade proxectos empresariais cooperativos: 4500 € ao mellor proxecto e accésit de 3500 € ao finalista.

MÁIS INFORMACIÓN:

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Edif. Adm. San Lázaro, s/n (15781 - Santiago de Compostela)

Tel.: 881 999 268

Correo-e: secretaria-xeral.emplogo@xunta.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 09/01/2020](#)

